

MEMORIA UDC *Saudable* 2025

Dirección UDC *Saudable*

Vicerreitoría do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social

- 1 de xaneiro de 2025, InfoNutriciona UDC Saudable, Feliz Aninovo.

NOVO ANO, NOVOS HÁBITOS?

- Busca un obxectivo ou cambio de hábito **realista**
- Intenta abordar **un só obxectivo** ou cambio de hábito á vez
- Proponte obxetivos **específicos e claros**
- Establece obxetivos intermedios **medibles**
- Celebra as **pequenas vitorias** do camiño.
Pasiño a pasiño: Desfruta do proceso!



FELIZ ANINOVO 2025!



- 7 de xaneiro de 2025, Envío de segundo borrador de normativa de festas á vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social. Intercambio de argumentacións.


- 7 de xaneiro de 2025, Preorganización de actividade colaborativa Mestrado en Asistencia e Investigación Sanitaria e título propio Espazo Compartido.
- 7 de xaneiro de 2025, Difusión da nota de prensa Campus sen Fume na REUPS.
- 8 de xaneiro de 2025, Envío de convenio Saúde Mental Feafes Galicia para fima electrónica.
- 9 de xaneiro de 2025, Comunicaración coa profesora Rosa Marta Meda en relación coa comisión internacional de indicadores de calidade para as universidades promotoras de saúde.
- 9 de xaneiro de 2025, Infonutriciona UDC Saudable: Omega-3

OMEGA-3


TIPOS



PROPIEDADES



COMO ENGADILO?



- 10 de xaneiro de 2024, Infografía Asociación LAR PRO Saúde Mental: Benestar dixital.

Benestar dixital

EN NENOS E NENAS

Se este Nadal o teu fillo ou filla recibiu o seu primeiro móbil, aquí tes consellos e ferramentas clave para un uso saudable e seguro

ESTABLECE NORMAS CLARAS

Define horarios de uso (sen móbiles durante as comidas ou antes de durmir).

Limita o acceso ás redes sociais segundo a idade.

FOMENTA O REPECTO

Conversa sobre a importancia da privacidade e como protexer os seus datos.

Evita compartir información persoal ou fotos sensibles

FOMENTA UN USO EQUILIBRADO

Incentiva actividades ao aire libre, lectura e tempo en familia.

Limita as horas diarias de conexión a Internet.

FERRAMENTAS DE CONTROL PARENTAL

RESTRICCIÓN DE CONTIDOS
Filtra páxinas inapropiadas ou aplicacións non desexadas.

SUPERVISIÓN DE ACTIVIDADES
Controla o tempo de uso das aplicacións.

LOCALIZACIÓN
Permite saber onde está o teu fillo ou filla en tempo real.


BLOQUEO DE COMPRAS
Evita compras non autorizadas en aplicacións ou tendas dixitais.

UDC Saudable | hr | Fundación e Asociación LAR Pro Saúde Mental

- 10 de xaneiro de 2025, Axuste de modelos de convenios en galego e castelán.
- 10 de xaneiro de 2025, Resposta con suxerencias para a reforma da Carta de Okanagan dirixida á Universidade de Limerick a instancias do profesor Hiram Arroyo, presidente RIUPS.
- 10 de xaneiro de 2025, A REUPS informa de 2173 enquisas para o estudio HOPES das que 837 son da Universidade da Coruña.
- 10 de xaneiro de 2025, Recepción da proposta de conferencias da Asociación Sociocultural ASCM.
- 13 de xaneiro de 2025, REUPS Saudable xaneiro 2024, Universidade Camilo José Cela. Día Mundial da Loita contra a Depresión.

Universidad Camilo José Cela

Cuidarte empieza en ti y se refleja en todo lo que te rodea.



DÍA MUNDIAL DE LA LUCHA CONTRA LA DEPRESIÓN

13 de enero

HÁBITOS DE CUIDADO PERSONAL



Dormir lo suficiente



Respiración profunda y la meditación



Dieta equilibrada y realizar ejercicio

Expresar nuestras emociones



UDC Saudable
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

El estrés, la ansiedad y la tristeza son emociones comunes que, si no se manejan adecuadamente, pueden contribuir al desarrollo de problemas como la depresión. Es crucial aprender a gestionarlas para proteger nuestro bienestar físico y mental

- 13 de xaneiro de 2025, Reunión co profesor Carlos López, fisioterapeuta e director de Sinapse.
- 14 de xaneiro de 2025, Reunión co director de Sonrident, Dr, Cruz Valiño.
- 15 de xaneiro de 2025, Aceptación pola profesora Pilar García de la Torre da liña de investigación en promoción de saúde da Unidade de Investigación en Integración e Promoción da Saúde INTEGRSAÚDE.
- 16 de xaneiro de 2025, Difusión ao alumnado UDC das bolsas de BYG Talent da entidade LQDVI, con convenio coa UDC Saudable.
- 16 de xaneiro de 2025, Consulta sobre renovación de convenios na Secretaría Xeral UDC.
- 17 de xaneiro de 2025, Reunión organizativa do ano 2025 coa vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social en materia de promoción da saúde.
- 17 de xaneiro de 2025, Comisión Técnica UDC Saudable: Plan nacional REUPS campus sen fume e debate sobre normativa de festas. Envío de actas á vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
- 17 de xaneiro de 2025, Reunión de seguemento Nutricional-UDC Saudable e novas propostas: exposición sobre recomendacións para as festas universitarias.
- 17 de xaneiro de 2025, Finalizado o prazo, envío de conferencias 2025 a entidades UDC Saudable.
- 17 de xaneiro de 2025, Envío aos representantes das entidades da normativa sobre convenios da Secretaría Xeral UDC: adenda antes dos catro anos e superado o prazo supón un novo convenio.
- 17 de xaneiro de 2025, Envío de novo convenio UDC-ENKI á vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
- 17 de xaneiro de 2025, Envío de relación de responsabilidades do Plan de Vida Saudable e Benestar 2025-2030 á vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

- 17 de xaneiro de 2025, Envío á vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social da proposta de cursos para o CUFIE sobre Adicións químicas e comportamentais, Habilidades para a Vida: Aproximación teórico-práctica e Educación afectiva e saúde sexual, a maiores de obradoiros psicoeducativos de Afrontemos e dos tres cursos da Escola de Alimentación UDC.
- 17 de xaneiro de 2025, InfoNutriciona UDC Saudable: Vídeo sobre Etiquetaxe Nutricional.



Etiquetaxe nutricional.mp4

- 17 de xaneiro de 2025, Envío de datas de firma de convenios UDC-entidades, mediados pola UDC Saudable, dende 2014 ata 2024 para revisión pola vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e/ou Secretaría Xeral co fin de novo convenio e ou adenda.
- 17 e 18 de xaneiro de 2025; contacto telefónico con tódalas entidades que teñen que renovar convenio (ENKI, Saúde Mental FEAFES GALICIA, Quérote +, Cruz Vermella Xuvenil, ASFEDRO, Fundación INGADA, Alcer Coruña, Asociación Española contra o Cancro –básico-) e coas do ano 2021 que están a tempo de firmar unha adenda de prórroga por catro anos máis (Dano Cerebral A Coruña, AGL, Sedra-Federación de Planificación Familiar Estatal).
- 19 de xaneiro de 2025, Campus sen Fume na cadena Sexta de TV.



Campus sin Humo Ferrol La SextaVideo 2025-01-19 at 20.40.30.mp4

- 19 de xaneiro de 2025, Radio Voz Campus sen Fume no Campus ferrolano coa participación da vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social. <https://go.ivoox.com/rf/137717131>
- 20 de xaneiro de 2025, Recepción de novos convenios ENKI e Saúde Mental FEAFES GALICIA e adenda de Dano Cerebral A Coruña.
- 20 de xaneiro de 2025, Proposta de conferencias sobre Dano Cerebral de Galicia para o curso 24-25 e 25-26.

- 20 de xaneiro de 2025, Envío de datas de convenios a Rede de Entidades UDC Saudable e Conferencias 2025 co obxectivo de que presentes ou ben novo convenio ou ben adenda nos prazos establecidos.
- 20 de xaneiro de 2025, Proposta de ASCM para coparticipar coas conferencias 2025 entre as entidades da Rede de Entidades UDC Saudable.
- 21 de xaneiro de 2025, Invitación a Real Academia de Medicina de Galicia para que participe coas súas propostas nas Conferencias 2025 da Rede de Entidades UDC Saudable.
- 21 de xaneiro de 2025, Liderado do Campus de Ferrol nun programa de atención a menores en situación de risco.

<https://go.ivoox.com/rf/138021170>

<https://galiciaartabra.es/archivos/366195>

- 22 de xaneiro de 2025, Envío do formulario á vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e Xerencia para integrar a persoa do servizo de contratación no grupo nacional REUPS de pregos de máquinas de vending e cafetarías.
- 22 de xaneiro de 2025, Reunión coas novas bolseiras UDC Saudable: María José Rodríguez Fernández (estudiante de Dereito e ADE) e Sandra Gallardo Castaño (estudiante de Educación Social).



- 23 de xaneiro de 2025, Información de estrutura e actividades de aprendizaxe e servizo ás estudantes bolseiras UDC Saudable mediante email, tamén a conserxaría CUR e aos responsables de apoio de súas facultades e escolas e confirmación de súa presenza ao servizo de estudantes UDC.
- 23 de xaneiro de 2025, Envío das liñas estratéxicas sobre condutas suicidas da Xunta de Galicia aos profesores Ana López Cortón-Facal, coordinadora de benestar biopsicosocial UDC Saudable, e ao profesor Valentín Escudero Carranza, xefe do servizo de atención psicolóxica e orientación UDC.
- 23 de xaneiro de 2025, Devolución do formulario REUPS sobre condutas suicidas cumprimentado na UDC Saudable aos efectos de facilitar información para os grupos de traballo REUPS de benestar emocional e CRUE-UPS de conductas suicidas co obxectivo de establecer un protocolo nacional sobre a temática.

- 23 de xaneiro de 2025, Envío a vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social dos links da ISGGA relacionados coa Declaración de Luxemburgo: <https://issga.xunta.gal/es/portales-tematicos/promocion-de-la-salud>
issga.coruna@xunta.gal
<https://www.insst.es/materias/transversales/promocion-de-la-salud/red-espanola-de-empresas-saludables/declaracion-luxemburgo>
- 23 de xaneiro de 2025, Envío mensaxe recordatorio sobre programas da Rede de Entidades a Radio Filispim.
- 24 de xaneiro de 2025, Envío das Conferencias 2025 da Rede de Entidades UDC Saudable á responsables oficiais e oficiosos da Rede de Apoio UDC Saudable:
- 24 de xaneiro de 2025, Envío do novo convenio UDC-ASFEDRO 60-2025.
- 24 de xaneiro de 2025, Solicitud de inclusión no mapa de redes sociais da Universidade da Coruña das redes facebook UDC Saudable e Instagram UDC Saudable por parte da vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
- 24 de xaneiro de 2025, Solicitud por parte da AECC da iluminación en cor verde dos edificios o día mundial contra o cancro, 4 de febreiro. Envío a vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
- 24 de xaneiro de 2025, Recepción da “normativa de festas” (uso institucional de espazos institucionais) da Universitat de Barcelona.
- 24 de xaneiro de 2025, Invitación a Espazo Compartido e Asociación Parkinson A Coruña para participar na Newsletter UDC Saudable número 12.
- 24 de xaneiro de 2025, Información a LAR Saúde Mental que a adenda teñe que ser presentada no mes de abril ou maio de 2027.
- 24 de xaneiro de 2025, Recepción do segundo curso da Escola de Alimentación UDC sobre Etiquetado Nutricional.

ESCOLA DE ALIMENTACIÓN UDC

CURSO DE ETIQUETADO NUTRICIONAL

DATAS E HORA
11,18 y 25 de febreiro 2025
16-18h

LUGAR
Aula 2 do Centro Universitario de Riazor (CUR)

INSCRIPCIÓN E PRAZO
Envía un mail a nutriciona.udc.saudable@nutriciona.es,
poñendo nome completo, facultade e dni
data tope para a inscrición: 31 de outubro

OTÓRGASE 1 CRÉDITO DE LIBRE ELECCIÓN.
SEGÚN NORMATIVA UDC
10 horas lectivas: 6 teóricas e 4 prácticas, de traballo individual

UNIVERSIDADE DA CORUÑA **UDC Saudable**

- 24 de xaneiro de 2025, Recepción de normativas do Gabinete de Comunicación: Redes, Imaxes, Web, entre outros aspectos.
- 27 de xaneiro de 2025, InfoNutriciona UDC Saudable: Etiquetaxe Nutricional.



Etiquetaxe nutricional.mp4

- 27 de xaneiro de 2025, InfoNutriciona UDC Saudable, Ritmos circadianos.



O RITMO CIRCADIANO é un reloxo interno que regula moitos procesos biolóxicos, incluíndo o metabolismo, a dixestión, a liberación de hormonas, a regulación do sono... Estes ciclos danse cada 24 h, e responden principalmente a luz e a oscuridade.

Entre os factores que afectan, e provocan cambios neste reloxo son: horas de sono non regular, mala hixiene do sono, iluminación nocturna, traballar ou estudar de noite, jet lag...

Aquí tedes algúns consellos para aproveitar ao máximo este reloxo natural:

☉ Aproveita as horas de luz e ⌚ mantén horarios regulares: Tratar de manter un horario regular para as comidas pode axudar a sincronizar o teu reloxo biolóxico, mellorando a saúde dixestiva e metabólica.

☾ Evita comidas pesadas pola noite: Cea, a poder ser, cedo, e evita alimentos que dificulten a dixestión para mellorar a calidade do sono e evitar interrupcións no ciclo circadiano.

📵 Evita dispositivos electrónicos na noite. O uso de tablets, teléfonos móbiles xusto antes de dormir pode afectar ao sono e a síntesis de melatonina.

U utiliza técnicas relaxantes antes de dormir: como ler, escoitar música relaxante, meditar... entre outras.

- 27 de xaneiro de 2024, InfoAsfedro: Abuso do Móbil.



ABUSO
do móbil





@Secades Villa, R et al, 2014
O uso problemático do móbil está estreitamente relacionado coa impulsividade.
📱🔥 A urxencia é o predictor máis forte de este comportamento. 📱

ASFEDRO FERROL UDC Saudable UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ABUSO do móbil










 Márcate un horario de uso como fas para calquera outra actividade. 🤖🔍 Pensa ben o que vas facer antes de coller o teléfono. 📱👀 Revisa a cantidade de veces que miras o móbil sen pensar. 🗣️👂 Comunícate asertivamente.






ABUSO do móbil








Tamén relaciónase con: 🧠🌱 Problemas de identidade.
 🏠👤 Sedentarismo, problemas musculares e visuais. 😓
 🌐👤 Escasa motivación para a vida offline.






- 27 de xaneiro de 2025, Nota de prensa REUPS 2025 sobre Reto 10000 do outubro 2024.



Nota de Prensa REUPS.- A Rede Española de Universidades Promotoras de Saúde (REUPS) cumpre por terceiro ano consecutivo o Reto 10.000 doazóns de sangue polo Día das Universidades Saudables.

A Coruña a 27 de xaneiro de 2025.

A Rede Española de Universidades Promotoras de Saúde (REUPS) celebrou o pasado 3 de outubro de 2024 o Día das Universidades Saudables, onde se pon de manifesto a importancia da promoción da saúde na comunidade universitaria. Con motivo deste día, leva a cabo o “Reto 10.000”, co obxectivo de desenvolver campañas de doazón de sangue nos campus españois. Aínda que esta edición xa é a terceira que se realiza, celebráronse anteriormente máis campañas do Reto 5.000 con moi boa acollida e cumprindo sempre o obxectivo proposto. Por este motivo, decidiuse dobrar o reto e abarcar todas as campañas de doazón de sangue realizadas con motivo do Día das Universidades Saudables. Nesta ocasión, volvéronse a superar as cifras alcanzadas nas dúas primeiras edicións do reto. Das 10.371 doazóns realizadas en 2022 e as 11.350 que se conseguiron en 2023, nesta ocasión leváronse a cabo 17.936 doazóns efectivas, aínda que o número de persoas interesadas en doar foron máis de 20.000. Ademais, participaron aproximadamente 5.700 novos doantes este ano, o que indica unha implicación e concienciación cada vez maior da importancia de doar sangue, sobre todo tendo en conta que unha única doazón de sangue pode axudar até tres acodes diferentes. Por tanto, o reto conseguido por estas universidades da REUPS podería chegar a salvar máis de 53.500 vidas.

Participaron 32 universidades da REUPS (de 60 adheridas), entre outras a universidade da Coruña coa intervención de ADOS SERGAS e a UDC Saudable.

Agradecemos ás universidades e ás respectivas entidades que se desprazaron para a campaña, así como ás persoas anónimas que contribuíron doando e axudando a salvar vidas.

- 28 de xaneiro de 2025, Recepción da normativa de festas da Universidade de Murcia e envío a vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
- 28 de xaneiro de 2025, Reunión vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e dirección UDC Saudable para abordar as responsabilidades do Plan de Vida Saudable e Benestar: un compromiso coa Comunidade e axuste do documento.
- 28 de xaneiro de 2025, Devolución sen firma a UDC Saudable de convenio Alcer Coruña e adenda AGL e envío de adenda Sedra-FPFE ata o apoio da Secretaría Xeral.
- 28 de xaneiro de 2025, Información para a xunta da Asociación contra o Cancro que o día 4 de febreiro, día mundial contra o Cancro, do visto bo de iluminación en cor verde da Escola Infantil do Campus de Elviña e da Facultade de Ciencias da Actividade Física e o Deporte.
- 28 de xaneiro de 2025, Envío a vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social dos responsables asignados aos diversos obxectivos do Plan de Vida Saudable e Benestar: Un compromiso coa Comunidade.
- 29 de xaneiro de 2025, Envío da enquisa HOPES á rede de apoio UDC Saudable para difusión ao estudiantado UDC.

Participa en nuestro ESTUDIO

sobre estilos de vida en población
universitaria iberoamericana

Sólo tienes que contestar nuestra
encuesta (6 minutos aprox.)

¡Tu participación es muy
importante!



- 29 de xaneiro de 2025, Recepción do boletín Informativo da UDC [accede aquí ao número 1, xaneiro 2025](#) https://bit.ly/EnCurso_xan25
- 29 de xaneiro de 2025, Difusión do concurso de curtometraxes relacionados coa doazón de médula ósea.



- 29 de xaneiro de 2025, Difusión por múltiples vías Curso de Etiquetaxe Nutricional na Escola de Alimentación UDC Saudable do Centro Universitario de Riazor.
- 29 de xaneiro de 2025, Visita e invitación ao alumnado MAIS (materia Innovación) para participar no aprendizaxe colaborativo co alumnado de Espazo Compartido o día 25 de febreiro na ETS de Enxeñería de Caminos, Canais e Portos.
- 30 de xaneiro de 2025, Envío de adenda AGL (linfedema e lipedema) firmada a María Araujo.
- 30 de xaneiro de 2025, Envío de borrador número 3-4-5 da normativa de festas e eventos socio-culturais á vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
- 30 de xaneiro de 2025, Documentos técnicos CRUE <https://www.crue.org/comisiones-sectoriales/documentos-crue-sostenibilidad/>



crue
Universidades
Españolas
Sostenibilidad



- 30 de xaneiro de 2025, Firma da adenda/acordo ADOS SERGAS-UDC.
- 31 de xaneiro de 2025, Envío do novo convenio 66-2025 Alcer Coruña coa UDC mediado pola UDC Saudable
- 31 de xaneiro de 2025, Envío da adenda 67-2025 a SEDRA-FPFE coa UDC mediado pola UDC Saudable e convenio 69-2025 coa Fundación INGADA.

- 31 de xaneiro de 2025, Difusión do segundo curso de Nutrición sobre Etiquetaxe Nutricional: Como facer unha boa compra.

Curso

ETIQUETAXE NUTRICIONAL: **CÓMO FACER UNHA BOA COMPRA**

11,18 y 25 de febreiro 2025 | 16-18h

Aula 2 do **Centro Universitario de Riazor**
(CUR)

OTORGASE 1 CRÉDITO DE LIBRE ELECCIÓN, SEGUN NORMATIVA UDC.
10 horas lectivas: 6 teóricas e 4 prácticas, de traballo individual

INSCRIPCIÓN E PRAZO
Envía un mail a nutriciona.udc.saudable@nutriciona.es, ponendo nome completo, facultade e dni
data tope para a inscrición: 10 de febreiro

- 3 de febreiro de 2025, Firma do convenio Real Academia de Medicina de Galiza e a Universidade da Coruña.



- 4 de febreiro de 2025, Presentación coa concelleira de Política Social do Concello de Ferrol dos servizos sociais aos EIR de comunitaria coa presenza da vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e o director da UDC Saudable.
- 4 de febreiro de 2025, Recepción da campaña REUPS Saudable da Universidade de Sevilla sobre o día Europeo da Saúde Sexual o 14 de febreiro.

Universidad de Sevilla

Cuidar tu salud sexual, es cuidar tu calidad de vida



14 de febrero
**DÍA EUROPEO
DE LA SALUD SEXUAL**

UDC Saudable
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



- 6 de febreiro de 2025, Firma da adenda 65-2025 AFACO-UDC (cesión de espazos).
- 6 de febreiro de 2025, Propostas de imaxes para sinalización do Campus sen Fume da AECC e da Universidade da Coruña.




ESPAZOSEN FUME.mp4



mellornon.mp4

- 6 de febreiro de 2025, Recepción de información do servizo de accesibilidade de ACOPROS.



- 7 de febreiro de 2025, Envío de carta de apoio UDC Saudable para o proxecto Servizo galego e atención psicosocial a persoas con cancro hematolóxico e a seus familias 2025 de ASOTRAME.
- 7 de febreiro de 2025, Recepción do documento actualizado do título propio Espazo Compartido e envío ao alumnado do Mestrado en Asistencia e Investigación Sanitaria como información previa ao obradoiro inclusivo y colaborativo do día 25 de febreiro.
- 7 de febreiro de 2025, Recepción e difusión  [Video general de promoción de los concursos Adicciones Tu punto de mira 2.mov](#)
- 10 de febreiro de 2025, Reunión vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, UDC Saudable e CUFIE para proposta de sete cursos de 10 horas cada un para o CUFIE Social: Adiccións químicas e comportamentais, Habilidades para a Vida, Educación afectiva e Saúde Sexual, Alimentación Saudable, Etiquetaxe: Para unha boa compra saudable; Fame e Sacidade, Obradoiro psico-educativo (Afrontemos).
- 10 de febreiro de 2025, Etiquetaxe Nutricional na Facultade de Socioloxía, (30 alumnos-as presenciais).

ETIQUETAXE NUTRICIONAL

10 de febreiro

Aula 13 da Facultade de Socioloxía

Hora

12-13.30h

TEAMS





- 10 de febreiro de 2025, Envío a rede de apoio UDC Saudable Campus da Coruña da proposta de rotacións do punto de asesoramento para estudantes UDC Nin+ Nin- sobre adiccións as drogas.
- 10 de febreiro de 2025, Envío de propostas de actividades intergeneracionais a Natuska Naylor do Centro Curros Enríquez de A Coruña coas titulacións de Educación Infantil, Terapia Ocupacional e Espazo Compartido.
- 10 de febreiro de 2025, Banco de recursos en Benestar Emocional REUPS <https://unisaludables.com/banco-de-recursos-sobre-bienestar-emocional-en-las-universidades/>
- 10 de febreiro de 2025, InfoNutriciona UDC Saudable: Como engadir legumes no noso día?

COMO ENGADIR LEGUMES NO NOSO DÍA?



Hoxe, no día mundial das legumes, dende @nutricionagroup e @udc.saudable, imos a darvos diferentes ideas para engadir as legumes no voso día a día.

As legumes inclúense dentro do grupo das proteínas vexetais, xunto cos froitos secos e algunhas sementes. 🌱

Son un grupo moi interesante, tanto a nivel nutricional como de sostibilidade, posto que xeran un menor impacto ambiental, en comparación coas proteínas de orixe animal. 🌍

Sóense asociar ao consumo en formato potaxes, que tamén están moi ricos, pero podes probar novas receitas e sabores de legumes, para que che sexa máis fácil engadilas e que non che aburran. Deixámosvos diferentes opcións:

- En ensaladas: Podes engadir garavanzos, fabas ou lentellas as túas ensaladas favoritas!
- En formato hummus: Existen moitas variedades e combinacións de hummus: de pemento, cenoria, cabaza... Proba e atopa o teu favorito! 🍷
- En forma de hamburguesa: Podes facer a tua hamburguesa con base de garavanzos ou lentellas e outras vexetais. 🍷
- Pasta de legumes: De chícharos, lentella, garavanzos...están feitas a base de fariña de legumes. Proba! 🍷
- En forma de boloñesa: Podes facela con soia texturizada, lentellas...en vez de con carne. 🍷

Atrévete a probar novas receitas! 🍷✦

- 11 de febreiro de 2025, Día internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia, Unidade de Divulgación Científica e Cultural da Universidade da Coruña.
 - Educación Primaria: <https://www.youtube.com/watch?v=eD67WOkNaEc>
 - Educación Secundaria: <https://www.youtube.com/watch?v=bY87SogdcMI>
- 11 de febreiro de 2025, Reunión comité científico no Espazo Amizar (Xunta de Galiza) para o Congreso Nacional de AFACO, entidade colaboradora coa UDC Saudable.
- 11 de febreiro de 2025, ADOS-SERGAS en Radio Enworking.

Programa Radio Enworking

8ª Temporada



Martes 11/02/2025

A las 20:00 h

**NO PIERDAS
NON PERDAS**



AXENCIA DE DOAZÓN
DE ÓRGANOS
E SANGUE



UDC Saudable
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

EnWorking
Personas, Empresas y Organizaciones

CUAC FM 103.4
A RADIO COMUNITARIA DA CORUÑA

<https://cuacfm.org/radioco/programmes/enworking/8x7/>



- 12 de febreiro de 2025, Empréganos: recoñecemento da UDC Saudable por Saúde Mental FEADES Galiza no Centro Municipal de Emprego de A Coruña coa presenza da vicerreitora de Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Ana Ares, e a concelleira de Benestar Social, Participación e Igualdade, Nereida Canosa.





- 12 de febreiro de 2025, 1000 enquisas en enquisa HOPES, pendentes de 9 de Ciencias da Saúde, 187 de Ciencias, 90 de Humanidades, 105 de Ciencias Sociais e 123 de Enxeñaría e Arquitectura.
- 12 de febreiro de 2025, Solicitud de materiais a MAPFRE: 3500 manteis (planificación do día)e 30 cartaces contra o fume de tabaco.
- 13 de febreiro de 2025, presentación do programa de investigación AGRUPA no CITEEC pola vicerreitoría de investigación e transferencia.
- 13 de febreiro de 2025, Reunión sobre sinalización Campus sen Fume nin Vapeo da vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Coordinadora da Asociación Española contra o Cancro e UDC Saudable.
- 13 de febreiro de 2025, Organización coa coordinación de Alcer Coruña de actividades para o día mundial do Ril (13 de marzo) na Facultade de Enfermaría e Podoloxía do Campus de Ferrol e na Escola Universitaria de Enfermaría do Campus de A Coruña.
- 13 de febreiro de 2025, Recepción dos tres cursos de Dano Cerebral Galicia para a comunidade UDC.
- 14 de febreiro de 2025, Campaña REUPS Saudable, febreiro 2025, Universidade de Sevilla: Día Europeo da Saúde Sexual.

Universidad de Sevilla

Cuidar tu salud sexual, es cuidar tu calidad de vida



14 de febrero
**DÍA EUROPEO
DE LA SALUD SEXUAL**

UDC Saudable
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



- 14 de febreiro de 2025, Organización do programa Enworking co ASARGA o 25 de febreiro e enlace a programas da UDC Saudable: <https://cuacfm.org/radioco/programmes/enworking/>
- 14 de febreiro de 2025, Envío do convenio Espazos sen Fume AECC-UDC para firma cos modificacións aprobadas na Secretaría Xeral.
- 14 de febreiro de 2025, Recepción de propostas temáticas da Facultade de Enfermaría e Podoloxía para a Real Academia de Medicina de Galicia.
- 14 de febreiro de 2025, InfoDrogas Asfedro/UDC Saudable.

CANTO SABES?

1. R I S C O

2. P

3. P R E V I R

4. L I X

5. A C A S E

6. I M P A C T O

7. L C

8. D E P R E S O R A

(1) Probabilidade de que ocorra un dano.

(2) Tipo de droga da familia dos nitritos consumida inhalada para o chemsex con riscos para a saúde.

(3) Tomar medidas anticipadas para evitar que algo suceda ou reducir os seus efectos.

(4) Posibilidade de seleccionar entre varias opcións.

(5) Malestar que se sente despois de beber alcol en exceso.

(6) Efectos producidos tras realizar unha determinada acción, como consumir drogas.

(7) Droga legal máis consumida e aceptada socialmente, da que se minimizan os riscos.

(8) Substancia que ralentiza e reduce a actividade do sistema nervioso central.

- 17 de febreiro de 2025, Reunión técnica da RAMG-UDC Saudable.
- 18 de febreiro de 2025, Newsletter UDC Saudable número 12, Febreiro 2025: <https://www.udc.es/gl/novas/Newsletter-UDC-Saudable-numero-12-Febrero-2025/>
- 19 de febreiro de 2025, Reinicio de actividades da Comisión RIUPS/EDEX sobre HpV.
- 20 de febreiro de 2025, Organización de programas Enworking de marzo, abril e maio (LRG, Parkinson, LAR Saúde Mental e Mestrado en Ciencias da Educación) e Newsletter UDC Saudable número 13 (Cruz Vermella Xuventude e RAMG).
- 21 de febreiro de 2025, InfoNutriciona UDC Saudable: Vídeo Proteínas Vexetais versus Proteínas Animais.



PROTEINA ANIMAL + VEXETAL.mp4

- 21 de febreiro de 2025, Difusión de *Lo que de Verdad Importa*.

#másqueuncongreso

Lo que de Verdad Importa
on tour 2025

LA CORUÑA
21 MARZO 2025
PALEXCO
Mlle. de Trasatlánticos, s/n, 15003

ANTONIO ESPINOSA FABIOLA MARTINEZ EVA MORAL

loquedeverdadimporta.org

- 24 de febreiro de 2025, Envío a REUPS das redes mundiais de universidades promotoras de saúde:
<https://drive.google.com/file/d/1hC9vBRKcyYQCSDx3Mlkai7nykiheTnv0/view>
- 24 de febreiro de 2025, Confirmación de reserva de Aula UDC Saudable para ASPRONAGA de luns a xoves do 5 de marzo ao 29 de maio de 2025 (responsables Daniel Caamaño e Sonia Fraga).
- 25 de febreiro de 2025, Sinalética AECC para Campus sen Fume.



- 25 de febreiro de 2025, Aprendizaxe colaborativo e inclusivo do estudiantado do título propio Espazo Compartido e da materia de Innovación en Rehabilitación, autonomía persoal e promoción da saúde do mestrado en Asistencia e Investigación Sanitaria (MAIS)- Facultade de Ciencias da Saúde.



- 25 de febreiro de 2025, Doazón de sangue na Facultade de Economía e Empresa.

Non perdás este bus DOA SANGUE

A vida de moitas persoas depende de que non perdás este bus, cada día precisamos máis de 400 doazóns nos hospitais galegos.

Martes, 25 de febreiro

UNIDADE MÓBIL
NA ENTRADA PRINCIPAL
DA F. DE ECONOMÍA E EMPRESA

09:30 a 14:30 e 15:30 a 21:00 horas

Oficina de Cooperación e Voluntariado UDC Saudable

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Para doar sangue hai que almorzar e despois de xantar espere 2 horas
Non esqueza traer a tarxeta de doazón, DNI ou documento similar
Informe ao médico se está a tomar algún medicamento

Se tes máis de 18 anos e pesas máis de 50 kg só precisas 10 minutos da túa vida para salvar a doutros.


AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

Informátese en ados.sergas.gal
900 100 828
Teléfono gratuito

- 25 de febreiro de 2025, Programa Enworking, Radio CUAC, Asociación de Sarcomas Nacional (ASARGA)
<https://cuacfm.org/radioco/programmes/enworking/8x8/>



- 26 de febreiro de 2025, Reunión de inicio comisión RIUPS HpV (director UDC Saudable en representación da coordinadora de benestar biopsicosocial UDC Saudable).



- 26 de febreiro de 2025, Mesa Nin + Nin – sobre drogas na Facultade de Ciencias da Educación.

NIN + NIN-

Punto de información sobre drogas

Información contrastada
Pautas de actuación
Asesoramento
Confidencialidade garantida



26 DE FEBREIRO 10:00 - 12:00h

FACULTADE DE CC. DA EDUCACIÓN







- 26 de febreiro de 2025, Doazón de sangue na Escola Politécnica de Enxeñaría, Campus de Ferrol.

Non perdas este bus
DÍA SANGUE

A vida de moitas persoas depende de que non perdas este bus, cada día precisamos máis de 400 unidades nos hospitais galegos.

ESCOLA POLITÉCNICA DE ENXEÑARÍA

Mércores, 26 de febreiro

UNIDADE MÓBIL NA PRAZA DE FONTE

09:30 a 14:30 e 15:30 a 21:00 horas

CAMPUSINDUSTRIAL **UDC Saudable**

Para doar sangue hai que almorzar e despois de xantar espere 2 horas
Non esqueza traer a tarxeta de doazón, DNI ou documento similar
Informe ao médico se está a tomar algún medicamento

Se tes máis de 18 anos e pesas máis de 50 kg só precisas 10 minutos da túa vida para salvar a doutros.

AGENCIA DE DOAZÓN DE ORGANOS E SANGUE

900 100 828

- 26 de febreiro de 2025, Reunión co decano e responsable de apoio da Facultade de Dereito e a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e o director UDC Saudable: Proposta para o XI Outubro UDC Saudable 2025-Facultade de Dereito.
- 26 de febreiro de 2025, Envío ao Gabinete de Comunicación UDC da metade da Campaña mensual UDC Saudable realizada como Aprendizaxe Servizo polas bolseiras María José Rodríguez (Dereito+ADE) e Sandra Gallardo (Educación Social).
- 27 de febreiro de 2025, Doazón de sangue na Facultade de Enfermaría e Podoloxía, Campus de Ferrol.

The poster features a blue border and a white background. At the top, there is an image of a white bus with a red and blue stripe. Below the bus, the text reads: "Non perdas este bus" in blue, followed by "DA SANGUE" in large red letters. A small line of text below says: "A vida de moitas persoas depende de que non perdas este bus, cada día precisamos máis de 400 doazóns nos hospitais galegos." The main title "FACULTADE DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA" is in bold black letters. Below that, the date "Xoves, 27 de febreiro" is centered. The location "UNIDADE MÓBIL DIANTE DA FACULTADE DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA" and the times "09:30 a 14:30 e 15:30 a 21:00 horas" are also centered. Logos for "CAMPUS INDUSTRIAL" and "UDC Saudable" are on the left and right respectively. A QR code is on the right side. At the bottom, there is information about the "AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE" and the "900 100 828" number.

- 28 de febreiro, 3 e 4 de marzo de 2025, Preparación de díptico UDC Saudable e Roll up da UDC Saudable.
- 4 de marzo de 2025, preparación das preguntas para as “entrevistas” da Newsletter números 13 e 14 UDC Saudable da Cruz Vermella Xuventude e para a Escola Iberoamericana de Habilidades para a Vida/Fundación EDEX.

- 4 de marzo de 2025, Vídeo Nutrición UDC Saudable en colaboración con Asotrame: Trasplante de médula ósea.



ASOTRAME- .mp4

- 5 de marzo de 2025, Alcer Coruña na Escola Universitaria de Enfermería, Campus da Coruña.
- 5 de marzo de 2025, Mesa Nin + Nin – sobre drogas na Facultade de Dereito.



- 5 de marzo de 2025, Infografía de AFFINOR.

CRONICIDADE E COIDADOS

A dobre carga de coidar e ser muller da lugar a unha menor adherencia en tratamentos médicos e limita a priorización da súa propia saúde

Sentimentos de estrés, perda de control sobre a súa vida e culpa son comúns, sendo necesarios programas de apoio emocional e psicolóxico específicos para as cuidadoras

8

Marzo

A falta de tempo para si mesmas e a peor saúde mental afecta tamén unha maior insatisfacción coa vida que se vive e os seus diferentes ámbitos.

A cronicidade xunto co rol de cuidadoras e a condición de mulleres (polas desigualdades nos roles de xénero) xeneran unha severa limitación do tempo para si mesma

É necesario

- Incorporar políticas de xénero no deseño dos servizos sanitarios e sociais
- Incrementar o acceso a servizos profesionais de apoio domiciliario
- Ampliar programas de respiro específicos para cuidadoras maiores
- Implementar sistemas de avaliación periódica do estado de saúde física e mental de cuidadoras
- Desenvolver programas de formación en autocoidados e seguimento da enfermidade crónica

UDC Saudable UNIVERSIDADE DA CORUÑA

AFFINOR

- 6 de marzo de 2025, Conferencia sobre: Recursos para a xestión sobre desconexión dixital, ISSGA.
- 6 e 7 de marzo de 2025, Envío de cartaces, manteis e tríptico de Mapfre ao servizo de normalización lingüística.
- 7 de marzo de 2025, Envío de POD comision de apoio para o curso 2025-2026.
- 7 de marzo de 2025, Infodrogas Asfedro UDC Saudable: “As antorchas da liberdade”.

“AS ANTORCHAS DA LIBERDADE”

CAPTACIÓN E ACCIÓN.

En 1929, a American Tobacco Company encargou a Edward Bernays promover o consumo de tabaco entre as mulleres, hábito socialmente mal visto, co fin de ampliar o seu mercado.

Durante o desfile de Pascua en Nova York, o publicista organizou unha acción na que un grupo destacado de mulleres fumaba en público, rompendo co tabú social e acuñando o termo "Antorchas da Liberdade".

FUME LIBERADOR.

Esta estratexia de márketing converteuse nun símbolo de empoderamento que estaba xa vinculado á primeira ola do feminismo, coas sufraxistas desafiando as normas sociais establecidas e loitando polos seus dereitos e por crear un mundo máis xusto.



NORMALIZACIÓN.

Mediante novas marcas, sabores e cores, comezaron a asociar os cigarros cos estereotipos de xénero, sen esquecer a simboloxía da liberdade feminina, como mostrou a marca Virginia Slims coa famosa campaña "You've come a long way, baby", consolidando o incremento do consumo de tabaco nas mulleres.



IMPACTO NA SAÚDE DAS MULLERES.

Incremento de problemas de fertilidade, menopausa precoz, osteoporose, complicacións no embarazo e maior probabilidade de sufrir enfermidades cardiovasculares e de padecer cancro, como o de pulmón.

LIBERADAS DO FUME.

As últimas estatísticas revelan unha caída significativa do tabaquismo e un crecente aprecio polos espazos libres de fume, suxerindo un cambio cara hábitos máis saudables.

- 8 de marzo de 2025, Recepción de entrevistas da Real Academia de Medicina de Galicia e de Cruz Vermella Xuventude para a Newsletter UDC Saudable número 13.
- 10 de marzo de 2025, Reunión coa presidenta da Fundación ASPANAES coa vicerreitora do Campus de Ferrol e Resposnabilidades Social e o director UDC Saudable. Motivo: posible convenio.
- 10 de marzo de 2025, Reunión da vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social e o directora UDC Saudable. Motivo: Responsables de cada obxectivo do Plan de Vida Saudable e Benestar. Un compromiso coa comunidade.

- 10 de marzo de 2025, Conferencia na Facultade de Enfermaría e Podoloxía, Campus de Ferrol, charla na Escola Universitaria de Enfermaría, Campus da Coruña, e Mesa informativa Alcer Coruña no Campus de Ferrol con motivo do día mundial do ril (13 de marzo).
- 10 de marzo de 2025, InfoNutriciona UDC Saudable, marzo 2025: 5 comidas ao día...necesarias?

5 comidas ao día... ...necesarias?



- 11 de marzo de 2025, Reunión REUPS en universidade Carlos III coa presenza do director UDC Saudable en representación da UDC.



- 11 de marzo de 2025, ADOS-SERGAS, Doazón de sangue na ETS de Náutica e Máquinas, Campus de Riazor.

**Non perdas este bus
D^{DA} SANGUE**

A vida de moitas persoas depende de que non perdas este bus, cada día precisamos máis de 400 doazóns nos hospitais galegos.

CAMPUS A CORUÑA – RIAZOR

E.T.S. NÁUTICA E MÁQUINAS

UNIDADE MÓBIL
AO CARÓN DA ESCOLA DE NÁUTICA

Martes, 11 de marzo

09:30 a 14:30 horas

Oficina de Cooperación e Voluntariado

UDC Saudable

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Para doar sangue hai que almorzar e despois de xantar espere 2 horas
Non esqueza traer a tarxeta de doazón, DNI ou documento similar
Informe ao médico se está a tomar algún medicamento

Se tes máis de 18 anos e pesas máis de 50 kg só precisas 10 minutos da túa vida para salvar a doutros.

AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

Informa en ados.sergas.gal
doadores.sergas.gal
900 100 828
Teléfono gratuito

Red Española de Universidades Promotoras de Salud

- 11 de marzo de 2025, Envío de POD de responsables de apoio UDC Saudable.
- 11 de marzo de 2025, Infografía Asociación y Fundación LAR Pro Saúde Mental, Villagarcía de Arosa: Sinais de alarma de depresión ós que debes prestar atención.



- 11 de marzo de 2025, Conferencia sobre alimentación saludable e sostible, Nutriciona, en Green Campus da Facultade de Ciencias da Educación (32 asistentes).



- 12 de marzo de 2025, ADOS-SERGAS, Doazón de sangue nas Facultade de Filoloxía e Facultade de Turismo.

Non perdas este bus DOA SANGUE

A vida de moitas persoas depende de que non perdas este bus, cada día precisamos máis de 400 doazóns nos hospitais galegos.

**FACULTADE DE FILOLOXÍA
FACULTADE DE TURISMO**

Mércores, 12 de marzo

UNIDADE MÓBIL
NO APARCADOIRO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA

09:30 a 14:30 horas

Oficina de Cooperación e Voluntariado UDC Saudable

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Para doar sangue hai que almorzar e despois de xantar espere 2 horas
Non esqueza traer a tarxeta de doazón, DNI ou documento similar
Informe ao médico se está a tomar algún medicamento


Se tes máis de 18 anos e pesas máis de 50 kg só precisas 10 minutos da túa vida para salvar a doutros.

AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE 900 100 828 Teléfono gratuito

- 12 de marzo de 2025, Mesa informativa Alcer Coruña con motivo do día mundial do ril (13 de marzo) na Facultade de Fisioterapia.



- 13 de marzo de 2025, Día Mundial do Ril.
- 13 de marzo de 2025, Curso sobre Coñece, analiza, cuestiona: usando IA para desenvolver o pensamento crítico (133 asistentes).



- 13 de marzo de 2025, Proposta de convenio a Asociación de bulimia e anorexia de A Coruña, entre outras.

- 13 de marzo de 2025, Difusión da xornada de Endometriose con motivo do día mundial da endometriose o 15 de marzo de 2025.
- 14 de marzo de 2025, Cociña rápida e saudable na Facultade de Ciencias (24 asistentes: 15 presenciais e 9 on line).




- 14 de marzo de 2025, Reunión da Comisión Internacional de Acreditación sobre indicadores de calidade e eixos de promoción da saúde.



- 14 de marzo de 2025, Día Europeo da Saúde CardioVascular, Campaña Mensual REUPS Saudable, Universidade de Zaragoza-

Universidad de Zaragoza

Con el corazón no te la juegues: apuesta por tu salud



CON EL CORAZÓN NO TE LA JUEGUES

Apuesta por tu salud

Una buena salud cardiovascular reduce el riesgo de enfermedades como la hipertensión, el infarto de miocardio, la insuficiencia cardíaca.

UDC Saudable
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

01. ALIMENTACIÓN SALUDABLE
Mantienen una dieta variada y sostenible: consume frutas, verduras, legumbres y cereales integrales, reduce en lo posible los azúcares libres y las grasas saturadas.

02. NO FUMAR
Fumar es un factor de riesgo principal para enfermedades cardiovasculares. Dejarlo mejora la salud del corazón casi de inmediato.

03. ACTIVIDAD FÍSICA
Al menos 150 min. de actividad aeróbica moderada o 75 min. de ejercicio intenso por semana: andar, correr, nadar...

04. REDUCE TU ESTRÉS
Practicar técnicas de relajación como la meditación, la respiración profunda o el yoga.

Unizar Saludable

Universidad Zaragoza

REUPS

- 14 de marzo de 2025, Infografía de María José Rodríguez Fernández (bolseira UDC Saudable) con motivo do día Europeo da Saúde Cardiovascular.




- 15 de marzo de 2025, Día Mundial da Endometriose, no salón de actos do Campus de Ferrol.



01c6d91b-f49c-4d56-8e00-621554872184.MP4

- 17 de marzo de 2025, Envío de documento Ed4 sobre grupo de traballo estrutural a membros da comisión internacional de acreditación de Universidades Promotoras de Saúde.
- 17 de marzo de 2025, Recepción de convenio ABAC(Asociación de Bulimia e Anorexia de A Coruña)-UDC xeral.
- 17 de marzo de 2025, Recepción do díptico e roll up realizado polas bolsseiras UDC Saudable.



- 17 de marzo de 2025, Campaña Hopes.



VIDEO difusión 2.mp4

Si eres estudiante...

¡TE ESTAMOS BUSCANDO!

Completa nuestra encuesta de 6 minutos sobre estilos de vida saludable para ayudarnos en nuestra investigación.

¡Tu participación es muy importante!

- 17 de marzo de 2025, Reunión UDC Saudable con Fibro Visibles e propuesta de convenio.




- 18 de marzo de 2025, Doazón de sangue en Campus da Zapateira baixo.

The poster features a blue border and a white background. At the top, there is an image of a bus and social media icons. The main title is 'Non perdas este bus DOA SANGUE' in blue and red. Below it, a subtitle reads: 'A vida de moitas persoas depende de que non perdas este bus, cada día precisamos máis de 400 doazóns nos hospitais galegos.' The event locations are listed as 'F. DE CIENCIAS', 'E.T.S. DE ARQUITECTURA', and 'E.U. DE ARQUITECTURA TÉCNICA'. The dates are 'Martes, 18 de marzo' and 'Mércores, 19 de marzo'. The location is 'UNIDADE MÓBIL NA PARADA DO BUS, DIANTE DA FACULTADE'. The times are '09:30 a 14:30 e 15:30 a 21:00 horas'. Logos for 'Oficina de Cooperación e Voluntariado', 'UDC Saudable', and 'UNIVERSIDADE DA CORUÑA' are present. A QR code is also included. At the bottom, there is text about donation requirements: 'Para doar sangue hai que almorzar e despois de xantar espere 2 horas. Non esqueza traer a tarxeta de doazón, DINI ou documento similar. Informe ao médico se está a tomar algún medicamento.' It also states: 'Se tes máis de 18 anos e pesas máis de 50 kg só precisas 10 minutos da túa vida para salvar a doutros.' Logos for 'AGENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE', '900 100 828', and 'Red Española de Universidades Promotoras de Salud' are at the bottom.

- 18 de marzo de 2025, Reunión UDC Saudable con AFFINOR.



- 19 de marzo de 2025, Reunión One Health coas universidades participantes (teams).



- 19 de marzo de 2025, Reunión Nutriciona-UDC Saudable: Proposta de microvídeos de mercados e receitas e tres entidades: Ingada, Alcer e Parkinson.
- 20 de marzo de 2025, Newsletter UDC Saudable número 13, marzo-2025 con



O futuro é agora: compromiso activo coa sustentabilidade

Na Universidade da Coruña (UDC), o estudiantado xoga un papel fundamental na promoción da sustentabilidade e a protección do medio ambiente. A UDC reconece que os estudantes son axentes de cambio clave e fomenta a súa participación activa na construción dun futuro máis sustentable.

A UDC ofrécelle ao estudiantado oportunidades para aprender sobre os desafíos ambientais a través de programas de formación, proxectos de investigación e actividades de sensibilización. A universidade anima a todos os grupos de interese a involucrarse en iniciativas que promovan a sustentabilidade no campus, como a xestión de residuos, o aforro enerxético e a mobilidade responsable.

Ademais, a UDC apoia iniciativas estudiantís que buscan abordar os problemas ambientais a nivel local e global. A universidade proporciona recursos e apoio a asociacións e estudiantado que traballan en proxectos relacionados coa conservación da natureza, a loita contra o cambio climático e a promoción de estilos de vida saudables.

Para levar a cabo estas accións, a Oficina de Sustentabilidade da UDC desempeña un papel crucial neste labor, a través da definición e implementación de políticas ambientais activas na comunidade. A Oficina coordina as accións medioambientais en todos os ámbitos da UDC, desde a xestión de recursos ata a promoción da educación ambiental. Así mesmo, a Oficina de Sustentabilidade da UDC traballa en estreita colaboración co estudiantado, o persoal docente e investigador e outras institucións para impulsar proxectos e iniciativas conxuntas que contribúan a un futuro máis sustentable.

Non esperes máis. Comeza hoxe a construír un futuro máis sustentable!

Emma Enríquez Merayo
Directora de Nutrición
udc.saudable@nutriciona.es



"Adiós ríos, adiós fontes
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos,
non sei cándo nos veremos.

Miña terra, miña terra,
terra donde m'eu criei,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantei.

Prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña d'o meu contento.

Muiño dos castañaes,
noites craras do luar,
campaniñas timbradoiras
da igrexiña do lugar.

Amoriñas das silveiras
que eu lle daba ó meu amor,
camiñiños antre o millo,
¡adiós para sempre adiós!"

Rosalía de Castro



@udc_oficial

- 20 de marzo de 2025, Reunión Comisión Internacional RIUPS do grupo de traballo estrutural.



- 20 de marzo de 2025, "Aportación de las Reales Academias de Medicina de España", realizado por la Real Academia Nacional de Medicina con motivo del X Aniversario de la proclamación de su Majestad el Rey Felipe VI". Na páxina 179 inicia o capítulo dedicado á Real Academia de Medicina de Galicia.
<https://ranm.es/aportacion-de-las-reales-academias-de-medicina-de-espana/>
- 20 de marzo de 2025, InfoNutriciona UDC Saudable: Importancia da Hidratación.



HIDRATACIÓN-.mp4

- 21 de marzo de 2025, Asignación de temáticas de autoaprendizaxe-servizo dirixido para os meses de abril e maio das bolsaeras UDC Saudable.
- 21 de marzo de 2025, Recepción do Climping de Alcer Coruña con motivo das múltiples campañas realizadas co motivo do día mundial do ril.
- 24 de marzo de 2025, Reunión coa Presidenta da Fundación ASPANAES aos efectos de concretar un convenio.
- 24 de marzo de 2025, Reunión coa Presidenta da Asociación de Bulimia e Anorexia de A Coruña (ABAC).
- 24 de marzo de 2025, InfoNutriciona UDC Saudable-Marzo 2025:

ALIMENTOS E PRATOS DE TEMPADA NA PRIMAVERA

🍷 Algúns exemplos dos alimentos de TEMPADA na PRIMAVERA serían: amorodos, limón, laranxa, aguacate, pomelo, acelgas, espinacas, coliflor, remolacha, alcachofa, espárragos e fabas, entre outros.

Deixámosvos algunhas ideas de pratos con estes alimentos:

- Ensalada de remolacha, espinacas, amorodos, queixo de cabra e noces 🍷
 - Tosta de ovo, espárragos trigueros e aguacate
 - Crema de fabas e espárragos
 - Hummus de alcachofas e garavanzos
 - Pizza de coliflor con tomate, mozzarella e alfábega 🍷
- 25 de marzo de 2025, Xornada de portas abertas no Campus de Ferrol (estudantes de Bacherelato).





- 25 de marzo de 2025, Reunión organizativa de dous cursos para o CUFIE: adiccións e habilidades para a vida.



- 25 de marzo de 2025, Mesa informativa sobre adiccións na Facultade de Socioloxía.

NIN+ NIN-

Punto de información sobre drogas

Información contrastada
Pautas de actuación
Asesoramento
Confidencialidade garantida

 25 DE MARZO  10:00 - 12:00h

 FACULTADE DE SOCIOLOXÍA E CC. DA COMUNICACIÓN

- 25 de marzo de 2025, Programa Enworking-Radio CUAC coa Liga Reumatolóxica Galega

<https://cuacfm.org/radioco/programmes/enworking/8x10/>



- 25, 26 e 27 de marzo de 2025, Campaña de doazón de sangue na Facultade de Informática e a Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos.

A poster for a blood donation campaign. At the top, it says 'Non perdas este bus DOA SANGUE' with a bus icon. Below that, it states 'A vida de moitas persoas depende de que non perdas este bus, cada día precisamos máis de 400 doazóns nos hospitais galegos.' The main text reads 'F. INFORMÁTICA' followed by the dates: 'Martes, 25 de marzo', 'Mércores, 26 de marzo', and 'Xoves, 27 de marzo'. The location is 'UNIDADE MÓBIL NO APARCADOIRO DA FACULTADE DE INFORMÁTICA' with times '09:30 a 14:30 e 15:30 a 21:00 horas'. Logos for 'UDC Saudable' and 'UNIVERSIDADE DA CORUÑA' are present. At the bottom, it provides instructions: 'Para doar sangue hai que almorzar e despois de xantar espere 2 horas. Non esqueza traer a tarxeta de doazón, DNI ou documento similar. Informe ao médico se está a tomar algún medicamento.' It also includes the text 'Se tes máis de 18 anos e pesas máis de 50 kg só precisas 10 minutos da túa vida para salvar a doutros.' and logos for 'AGENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE' and '900 100 828'.

- 26 de marzo de 2025, Reunión da Comisión RIUPS de Habilidades para a Vida.
- 27 de marzo de 2025, InfoNutriciona UDC Saudable: **COÑECEDES A DIFERENZA ENTRE PREBIÓTICOS E PROBIÓTICOS?** 🗣️

⇨ **PREBIÓTICOS:** Son fibras non dixeribles que actúan como alimento para as bacterias do teu intestino.

→ Onde os podemos atopar? En alimentos como a cebola, o allo, espárragos, plátano verde, almidón resistente e a avea, entre outros. 🧅 🥒 🌾

⇨ **PROBIÓTICOS:** Son microorganismos vivos que, ao ser consumidos en cantidades adecuadas, poden aportar beneficios para a túa saúde dixestiva.



→ Hai alimentos que teñen un potencial efecto probiótico como poden ser os alimentos fermentados como o iogur, kéfir, kimchi, chucrut, ou os fermentados de soia coma o natto ou o miso. 🍶

✦ Moitas grazas a María Rodríguez, bolseira da UDC saudable.

